

Venres, 24 de marzo de 2023

Núm. 59

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****MONDARIZ-BALNEARIO****Persoal, oposicións**

*BASES E CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MONDARIZ BALNEARIO*

**ANUNCIO**

Por resolución da Alcaldía do día 17 de marzo de 2023 acordouse aproba-las bases e a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal na categoría profesional de técnico/a superior de educación infantil para a Escola Infantil Municipal de Mondariz Balneario. As Bases están a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello [<http://mondarizbalneario.sedelectronica.gal>]. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica do Concello [<http://mondarizbalneario.sedelectronica.gal>].

Contra as bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Mondariz Balneario, a 17 de marzo de 2023.

O alcalde — José Antonio Lorenzo Rodríguez.

